



CONCELLO DE REDONDELA

Expediente número: PLN/2019/3

ACTA

**Sesión Ordinaria 3/2019 celebrada polo Pleno do
Concello o día 28 de febreiro de 2019.**

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Aprobación da acta da sesión anterior.**
- 2. Expediente 984/2019. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos I**
- 3. Expediente 961/2019. Disposicións Normativas. Aprobación. Bonificacións Ordenanza Lixo, Auga e Sumidoiros.**
- 4. Convenio entre Concello de Redondela e Consorcio Galego para Centro de Día e Atención Residencial en Cesantes.**
- 5. Aprobación Inicial da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento, no ámbito de Leitón-Cidadelle, na parroquia de Chapela.**

PARTE DE CONTROL

- 6. Dar Conta das Resolucións de Alcaldía.**
- 7. Mocións.**
- 8. Rogos e Preguntas.**



No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 541/2019 de data 25 de febreiro de 2019, e sendo as vinte horas do 28 de febreiro de 2019 coa presidencia do sr. alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

GPM PP

Arturo González Barbeiro

María del Carmen Amoedo Dasilva

Jesús Crespo López

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

María Teresa París Blanco

Julio César Mougán Vázquez

María José Barciela Barros

Ángela Antón Pazos

GPM PSOE

Ana Isabel Rey Gómez

Eduardo José Reguera Ocampo

Leonardo Cabaleiro Couñago

Digna Rosa Rivas Gómez

Isaac Borja Araújo Figueroa

GPM AER

Xosé Covelo Míguez

Noé Cano Correa



Javier Bastos Devesa

GPM BNG

Xoán Carlos González Campo

NON ADSCRITO

Enrique Fojo Durán

Asiste o interventor do Concello, sr. Ángel Santamariña Rivera; e o sr. Carlos López Quintáns, Secretario Municipal, que dá fe do acto.

Unha vez verificado polo Secretario o quórum e a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

- 1) Non asiste o concelleira Juan Roberto Darriba Ferradás de AER.
- 2) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia machista e violencia contra a infancia.

1. Aprobación da acta da sesión anterior.

Se dá conta do borrador da acta da sesión extraordinaria núm. 2/2019 do 21/02/2019.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes sendo 19 votos a favor (09 do PP, 05 do PSOE, 03 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).



2. Expediente 984/2019. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos I

ANTECEDENTES:

Vista o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda de día 25/02/2019 que di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 21 de febreiro de 2019, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 87.881,80 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2019:

NOME TERCEIRO	Nro.Fact.	Data Fact.	Importe	Aplic. Orzamentaria
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE18137000397222	04/01/2018	23,78 €	1651A/2210000
SACYR SOCIAL, S.L.	A19D8060010010	22/01/2019	65.924,62 €	2311C/2279909
SANDRA BASTOS	181	01/11/2018	1.727,88 €	3341A/2279900



CONCELLO DE REDONDELA

GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, V19-0002
S.A.U.

08/01/2019 20.205,52 € 9321A/2270800

”

INTERVENCIÓNS:

Sra. Amoedo: é o recoñecemento de 4 facturas tal como se indica na proposta. Algunhas delas foron presentadas este ano, outras non. Tiveron que ser validadas.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade concelleiros/as, sendo 19 votos a favor (09 do PP, 05 do PSOE, 03 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

3. Expediente 961/2019. Disposicións Normativas. Aprobación. Bonificacións Ordenanza Lixo, Auga e Sumidoiros.

ANTECEDENTES:

Vista o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda de día 25/02/2019 que di:

“Asunto: Expediente de aprobación de modificación das ordenanzas fiscais reguladoras da taxa por recollida de lixo no Concello de Redondela, da taxa de alcantarillado e da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.

Unha das manifestacións máis democráticas existentes nas leis que nós outorgamos é a de que as prestacións patrimoniais que deban ser soportadas polos cidadáns para o financiamento das súas Administracións Públicas sexan aceptadas, aprobadas e reguladas por nós mesmos, a través dos nosos representantes.

Á súa vez, as Administracións Públicas teñen como única finalidade a satisfacción do interese xeral. O cumprimento desta satisfacción realízase, principalmente, e entre outras medidas, a través da prestación de servizos. A partir deste punto, para a prestación de servizos, o concello debe contar con recursos para poder afrontar a prestación destes



CONCELLO DE REDONDELA

servizos.

O Concello de Redondela ven presentando en todos estes anos unhas magnitudes orzamentarias positivas e cumprindo os límites impostos pola normativa financeira. A mellora económica que a nivel macro estase a observar nos últimos trimestres debe trasladarse a economía doméstica e deben ser os poderes públicos os primeiros en axudar a acadar ese obxectivo. Un xeito de facelo é diminuindo a carga fiscal que soportan os cidadáns para que poidan dispor de maior cantidade de cartos. É un xeito eficaz de facelo, tras aprobar este Concello reducións no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre o incremento de valor de terreos de natureza urbana. Neste caso, trátase de mellorar o procedemento para que as persoas deste Concello poidan acceder ás bonificacións previstas nas ordenanzas fiscais reguladoras da taxa por recollida de lixo no Concello de Redondela, da taxa de alcantarillado e da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais xa que na regulación actual obsérvanse atrancos para que as persoas solicitantes poidan acceder ás devanditas bonificacións. Para elo é necesario a modificación dos devanditos textos normativos. Esta modificación que se propón faise cumprindo o ordenamento xurídico e trátase de xerar un marco normativo estable que proporcione seguridade xurídica as persoas que cumpran coas condicións para poder solicitar as bonificacións.

Para acadar este obxectivo de interese xeral é necesario e imprescindible a modificación da ordenanza reguladora do devandito imposto.

Na tramitación desta modificación e na súa aprobación, de ser o caso, aplicarase en todo caso o principio de transparencia procedendo á publicación dos acordos impostos pola normativa de aplicación e o de eficiencia ó prever unha modificación da normativa o mais áxil e o mais racional cos recursos públicos.

Entende esta Alcaldía que a aprobación desta modificación non suporá un incumprimento da estabilidade orzamentaria e da sustentabilidade financeira, posto que polo que se refire á primeira, os importes que presenta superan en moito a cantidade que se prevé de redución na recadación, sendo ademais no caso das ordenanzas do sumidoiro e da distribución de auga un principio neutra para o Concello, mentres que para a taxa do lixo pódese estimar a redución de 1.136,00 € a partir das solicitudes que terían sido aceptadas nesta última convocatoria con este novo texto proposto.

Nesta proposta tamén se contén a modificación de carácter técnico das ordenanzas fiscais para clarificar, organizar e mellorar a presentación, sistematización e redacción dos Anexos.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:



CONCELLO DE REDONDELA

PRIMEIRO.- A aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo no Concello de Redondela, do seguinte tenor:

Onde dí:

“**Anexo.**

(...)

2) Exencións:

Estarán exentos do pagamento destas tarifas:

(...)

b) *Previa solicitude dos interesados, os abonados e abonadas para os que os ingresos non acaden, en cómputo anual, o importe do salario mínimo interprofesional, e non sexan propietarios de bens inmobles, agás que se trate de vivenda propia, sempre que o valor catastral da mesma non supere os 80.000€.*

b.1.- Os/as solicitantes de exención deberán aportar, xunto coa solicitude:

- Libro de familia.

- Informe da Policía Municipal sobre as persoas que integran a unidade familiar.

- Certificación de empadramento.

- Certificación de ingresos do/a solicitante e as persoas que convivan con el/a:

- Da Empresa.

- Do INEM.

- Do SGC.

- Da Entidade pagadora da pensión ou haberes pasivos.

- Copia da última declaración do IRPF (e, no seu caso, de Patrimonio) dos compoñentes da unidade familiar, referida ao exercicio precedente.

No caso de carecer dos ingresos mencionados, deberase aportar certificación negativa dos organismos competentes da Seguridade Social, acreditativa de que as persoas interesadas non figuran incluídas nela, nin como traballadores/as activos, nin como pensionistas ou beneficiarios/as do seguro de desemprego.



CONCELLO DE REDONDELA

- *Certificación da Delegación de Facenda referida á tributación polo Imposto sobre bens inmobles - de natureza rústica e urbana -, así como do Imposto sobre actividades económicas da totalidade de componentes da unidade familiar, con indicación -no IBI- da clase de finca, e do valor catastral da mesma.*

- *Título de propiedade, contrato de aluguer ou, no seu defecto, recibos do último ano da vivenda que ocupan.*

b.2.- As solicitudes, acompañadas da totalidade da documentación indicada, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello.

O prazo de presentación de solicitudes será o comprendido do 1 ao 30 de decembro do ano anterior.

b.3.- A totalidade de expedientes de exención serán tramitados polos Servizos Sociais do Concello, e resoltos pola Comisión de Goberno.”

Propónse a seguinte redacción:

“Anexo.

(...)

2) Exencións:

Estarán exentos do pagamento destas tarifas:

(...)

b) *As persoas contribuíntes beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e as acollidas a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado segundo informe dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello.*

1. O carácter desta exención é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude (período de presentación do 1 de setembro ao 30 de decembro de cada ano).

2. As persoas interesadas que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado polo Concello debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación:

a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello.

b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como



CONCELLO DE REDONDELA

representante.

c) *Fotocopia compulsada polos Servicios Sociais do Concello do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público análogo.*

d) *Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de recollida do lixo (copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles,...) no que debe constar correctamente a titularidade catastral do inmovible.*

f) *No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible lle cede o uso do mesmo ao solicitante da redución (debe recoller a obriga do ocupante de pagar a taxa)*

3. *Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos a esta redución.*

4. *No caso de renovacións, cando o réxime protector ao que estea acollido o interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberanse presentar soamente os documentos expresados nas letras a) e c) do punto 2 deste apartado.*

c) *As vivendas incluídas no Programa de Vivendas Baleiras do Concello de Redondela que se atopen efectivamente alugadas, esta exención xurdirá efectos no exercicio seguinte ao do aluguer e se acreditará mediante certificado emitido polo Concello.*

d) *As persoas contribuíntes que non dispoñan de bens inmovibles de natureza urbana distintos á vivenda habitual (a que pode comprender unha praza de garaxe e un rocho anexos), sobre os que posúan un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro que xere ou poida xerar ingresos (fíxase un tope de valor da vivenda habitual, igual ou menor a 90.000 € de valor catastral) e sempre que a renda per cápita mensual bruta da unidade de convivencia estea dentro dos límites establecidos na táboa que se indica:*

<i>Número de membros da unidade de convivencia</i>	<i>Contía</i>
1	<i>SMI (persoa solicitante)</i>
2	<i>SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro)</i>
3	<i>SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro) + 12% (terceiro membro)</i>
4	<i>SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro) + 12% (terceiro membro) + 10% (cuarto membro e sucesivos)</i>



CONCELLO DE REDONDELA

As persoas interesadas que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado polo Concello debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación e xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude (período de presentación do 1 de setembro ao 30 de decembro de cada ano):

- a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello.*
- b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.*
- c) Informe da Policía Municipal sobre as persoas que integran a unidade familiar ou autorización para a súa obtención polo Concello.*
- d) Certificación de empadramento ou autorización para a súa obtención polo Concello.*
- e) Certificación de ingresos do/a solicitante e as persoas que convivan con el/a ou autorización para a súa obtención polo Concello.*
- f) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de recollida do lixo (copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles,...) no que debe constar correctamente a titularidade catastral do inmovible.*
- g) No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible lle cede o uso do mesmo ao solicitante da redución (debe recoller a obriga do ocupante de pagar a taxa)”*

Onde dí:

“Disposición final.

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa. “

Proponse a seguinte redacción:

“Disposición final.

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2020, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.”



CONCELLO DE REDONDELA

SEGUNDO.- A aprobación provisional da modificación da Ordenanza reguladora da taxa de alcantarillado do seguinte tenor:

Onde dí:

A N E X O

b. 1.—Uso domestico

a) de 0 a 15 m³ 0.0710 €/M³

b) de 16 a 30 m³ 0.0988 €/M³

c) de 31 a 45 m³ 0.2685 €/M³

d) de 46 a 9999 m³ 0.2762 €/M³

Cuota de servico: 26.36 €/aboado/ trimestre

b- Uso non domestico

a) de 0 a 15 m³ 0.1067 €/M³

b) de 16 a 30 m³ 0.1291 €/M³

c) de 31 a 45 m³ 0.3058 €/M³

d) de 46 a 9999 m³ 0.4007 €/M³

Cuota de servico:30.03 €/aboado/ trimestre

c) Estará exento o concello para a totalidade de edificios, vivendas, locais, establecementos e instalacións de propiedade municipal, bocas de rego, fontes e lavadoiros públicos.

d) *Levarase a cabo a graduación da taxa en función da capacidade económica do suxeito pasivo segundo o artigo 24.4 do Real decreto 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os criterios para levala a cabo serán os seguintes:*

— Previa solicitude dos interesados, os abonados e abonadas para os que os ingresos da unidade familiar non acaden, en computo anual, o importe do salario mínimo interprofesional, e non sexan propietarios de bens inmobles, agás que se trate da vivenda propia, sempre que o valor catastral da mesma non supere os 80.000 euros, terán dereito a seguinte redución:

M3 CÚBICOS CONSUMIDOS MEMBROS DA UNIDADE REDUCCIÓN FAMILIAR DA TAXA

Ata 15m³ por trimestre Dos membros 100%

Ata 30 m³ por trimestre Tres ou mais membros 100%

A partir de 15 m³-30m³ por trimestre Dous membros 28%

A partir de 30m³-45m³ por trimestre Tres ou mais membros 73.5%

— Para ser beneficiario da redución será preciso a presentación da seguinte



CONCELLO DE REDONDELA

documentación:

a) libro de familia

b) informe da policía local sobre as persoas que integran a unidade familiar

c) certificación do empadramento

d) certificación de ingresos do/a solicitante e das persoas que convivan con el/ela

e) da empresa

f) da oficina de emprego (pública)

g) da entidade pagadora de pensión ou haberes pasivos.

h) copia da ultima declaración do IRPF dos compoñentes da unidade familiar, referida ao exercicio precedente.

No caso de carecer dos ingresos mencionados, deberase aportar certificación negativa dos organismos competentes da Seguridade Social, acreditativa de que as persoas interesadas non figuran incluídas nela, nin como traballadores/as activos, nin como pensionistas ou beneficiarios do seguro de desemprego.

i) certificación da Delegación de Facenda referida a tributación polo Imposto de Bens Inmóveis de natureza rústica e urbana así como do Imposto sobre Actividades Económicas da totalidade dos compoñentes da unidade familiar, con indicación (no IBI) da clase de finca, e do valor catastral da mesma.

J) Título de propiedade, contrato de aluguer ou, no seu defecto, recibos do ultimo ano, da vivenda que ocupan.

As solicitudes, acompañadas da totalidade da documentación, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello.

O prazo de presentación de solicitudes será o comprendido entre os días 1 a 30 de decembro.

Para os segundos e sucesivos anos os abonados os que se refire o presente apartado que se lles graduara a taxa no ano anterior presentarán a solicitude dentro do prazo indicado, acompañada dunha declaración xurada referida ao cumprimento integro de tódolos requisitos dos apartados anteriores indicando expresamente na declaración citada que non variou a súa situación persoal, familiar, económica, de bens e renda, sen prexuízo de poder presentar, se o desexan, a documentación completa indicada.

Os servizos sociais do Concello efectuarán un control, total ou por mostraxe, da situación persoal, familiar, económica, bens e renda das persoas que soliciten a redución da taxa para novos exercicios segundo o indicado no paragrafo anterior.



CONCELLO DE REDONDELA

Tódolos expedientes de exención serán tramitados polos Servicios sociais do Concello e resoltos pola Xunta de Goberno.”

ANEXO

A) Dereitos de conexión:

A.1: Conexión á rede, vivendas unifamiliares, cada unha: 1.200,00 euros.

A.2: Conexión á rede, vivendas colectivas, cada unha: 360,00 euros.

A.3: Conexión á rede nos supostos de usuarios de redes comunitarias que pasen a ser xestionadas polo Concello:

A.3.1: Antigos usuarios: 72,00 euros.

A.3.2: Novos usuarios: 1.200,00 euros.

A.4: Conexión á rede de titulares que pagaron contribucións especiais para as obras, ou que contribuíron parcialmente ás obras: 72,00 euros.

A.5: Conexión á rede de finalidades non vivenda:

A.5.1: En edificios de vivendas colectivas: 360,00 euros.

A.5.2: Segunda e posteriores conexións en vivendas unifamiliares: 360,00 euros.

A.5.3: Outros supostos: 1.200,00 euros.

Proponse a seguinte redacción:

“ANEXO

A) Dereitos de conexión:

A.1: Conexión á rede, vivendas unifamiliares, cada unha: 1.200,00 euros.

A.2: Conexión á rede, vivendas colectivas, cada unha: 360,00 euros.

A.3: Conexión á rede nos supostos de usuarios de redes comunitarias que pasen a ser xestionadas polo Concello:

A.3.1: Antigos usuarios: 72,00 euros.

A.3.2: Novos usuarios: 1.200,00 euros.

A.4: Conexión á rede de titulares que pagaron contribucións especiais para as obras, ou que contribuíron parcialmente ás obras: 72,00 euros.

A.5: Conexión á rede de finalidades non vivenda:

A.5.1: En edificios de vivendas colectivas: 360,00 euros.

A.5.2: Segunda e posteriores conexións en vivendas unifamiliares: 360,00 euros.

A.5.3: Outros supostos: 1.200,00 euros.

B) Saneamento:

b. 1.—Uso doméstico

a) de 0 a 15 m³ 0.0710 €/M³



CONCELLO DE REDONDELA

- b) de 16 a 30 m³ 0.0988 €/M³
 - c) de 31 a 45 m³ 0.2685 €/M³
 - d) de 46 a 9999 m³ 0.2762 €/M³
- Cuota de servicio: 26.36 €/aboado/ trimestre

b. 2. Uso non domestico

- a) de 0 a 15 m³ 0.1067 €/M³
 - b) de 16 a 30 m³ 0.1291 €/M³
 - c) de 31 a 45 m³ 0.3058 €/M³
 - d) de 46 a 9999 m³ 0.4007 €/M³
- Cuota de servicio:30.03 €/aboado/ trimestre

C) Estará exento o concello para a totalidade de edificios, vivendas, locais, establecementos e instalacións de propiedade municipal, bocas de rego, fontes e lavadoiros públicos.

D) Levarase a cabo a graduación da taxa en función da capacidade económica do suxeito pasivo segundo o artigo 24.4 do Real decreto 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os criterios para levala a cabo serán os seguintes:

— *Terán dereito á seguinte redución:*

M3 CÚBICOS CONSUMIDOS	MEMBROS DA UNIDADE	REDUCCIÓN FAMILIAR DA TAXA
Ata 15m ³ por trimestre	Dous membros	100%
Ata 30 m ³ por trimestre	Tres membros	100%
De 15 m ³ -30m ³ por trimestre	Dous membros	28%
De 30m ³ -45m ³ por trimestre	Tres membros	73,50%

d.1) *As persoas contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado segundo informe dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello.*

1. O carácter desta exención é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude (período de presentación do 1 de setembro ao 30 de decembro de cada ano).

2. As persoas interesadas que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado polo Concello debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación:

a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello.



CONCELLO DE REDONDELA

b) *Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.*

c) *Fotocopia compulsada polos Servicios Sociais do Concello do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público análogo.*

d) *Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de recollida do lixo (copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles,...) no que debe constar correctamente a titularidade catastral do inmovible.*

f) *No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible lle cede o uso do mesmo ao solicitante da redución (debe recoller a obriga do ocupante de pagar a taxa).*

3. *Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos a esta redución.*

4. *No caso de renovacións, cando o réxime protector ao que estea acollido o interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberanse presentar soamente os documentos expresados nas letras a) e c) do punto 2 deste apartado.*

d.2) *As vivendas incluídas no Programa de Vivendas Baleiras do Concello de Redondela que se atopen efectivamente alugadas, esta exención xurdirá efectos no exercicio seguinte ao do aluguer e se acreditará mediante certificado emitido polo Concello.*

d.3) *As persoas contribuíntes que non dispoñan de bens inmovibles de natureza urbana distintos á vivenda habitual (a que pode comprender unha praza de garaxe e un rocho anexos), sobre os que posúan un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro que xere ou poida xerar ingresos (fíxase un tope de valor da vivenda habitual, igual ou menor a 90.000 € de valor catastral) e sempre que a renda per cápita mensual bruta da unidade de convivencia estea dentro dos límites establecidos na táboa que se indica:*

Número de membros da unidade de convivencia

Contía

1	<i>SMI (persoa solicitante)</i>
2	<i>SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro)</i>
3	<i>SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro)</i>



CONCELLO DE REDONDELA

4

+ 12% (terceiro membro)

SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro)
+ 12% (terceiro membro) + 10% (cuarto membro e sucesivos)

As persoas interesadas que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado polo Concello debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación e xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude (período de presentación do 1 de setembro ao 30 de decembro de cada ano):

- a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello.
- b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.
- c) Informe da Policía Municipal sobre as persoas que integran a unidade familiar ou autorización para a súa obtención polo Concello.
- d) Certificación de empadramento ou autorización para a súa obtención polo Concello.
- e) Certificación de ingresos do/a solicitante e as persoas que convivan con el/a ou autorización para a súa obtención polo Concello.
- f) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de recollida do lixo (copia do recibo do imposto sobre bens inmobles,...) no que debe constar correctamente a titularidade catastral do inmovible.
- g) No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ao solicitante da redución (debe recoller a obriga do ocupante de pagar a taxa)."

Onde dí:

"Disposición final.

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa. "

Proponse a seguinte redacción:

"Disposición final.



CONCELLO DE REDONDELA

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2020, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.”

TERCEIRO.- A aprobación provisional da modificación da Ordenanza da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais, do seguinte tenor:

Onde dí:

ANEXO PRIMEIRO.- Tarifa

B) CONSUMOS DE AUGA

b. 1.—Uso domestico

- a) de 0 a 15 m³ 0.1774 €/M³
- b) de 16 a 30 m³ 0.2470 €/M³
- c) de 31 a 45 m³ 0.6713 €/M³
- d) de 46 a 9999 m³ 0.6904 €/M³

b.—Uso non domestico

- a) de 0 a 15 m³ 0.2667€/M³
- b) de 16 a 30 m³ 0.3228 €/M³
- c) de 31 a 45 m³ 0.7645 €/M³
- d) de 46 a 9999 m³ 1.0017 €/M³

c) Estará exento o concello para a totalidade de edificios, vivendas, locais, establecementos e instalacións de propiedade municipal, bocas de rego, fontes e lavadoiros públicos.

d) *Levarase a cabo a graduación da taxa en función da capacidade económica do suxeito pasivo segundo o artigo 24.4 do Real decreto 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os criterios para levala a cabo serán os seguintes:*

— Previa solicitude dos interesados, os abonados e abonadas para os que os ingresos da unidade familiar non acaden, en computo anual, o importe do salario mínimo interprofesional, e non sexan propietarios de bens inmobles, agás que se trate da vivenda propia, sempre que o valor catastral da mesma non supere os 80.000 euros, terán dereito a seguinte redución:



CONCELLO DE REDONDELA

M3 CÚBICOS CONSUMIDOS MEMBROS DA UNIDADE REDUCCIÓN FAMILIAR DA TAXA

Ata 15m³ por trimestre Dos membros 100%

Ata 30 m³ por trimestre Tres ou mais membros 100%

A partir de 15 m³-30m³ por trimestre Dous membros 28%

A partir de 30m³-45m³ por trimestre Tres ou mais membros 73.5%

— Para ser beneficiario da redución será preciso a presentación da seguinte documentación:

a) libro de familia

b) informe da policía local sobre as persoas que integran a unidade familiar

c) certificación do empadramento

d) certificación de ingresos do/a solicitante e das persoas que convivan con el/ela

e) da empresa

f) da oficina de emprego (pública)

g) da entidade pagadora de pensión ou haberes pasivos.

h) copia da ultima declaración do IRPF dos compoñentes da unidade familiar, referida ao exercicio precedente.

No caso de carecer dos ingresos mencionados, deberase aportar certificación negativa dos organismos competentes da Seguridade Social, acreditativa de que as persoas interesadas non figuran incluídas nela, nin como traballadores/as activos, nin como pensionistas ou beneficiarios do seguro de desemprego.

i) certificación da Delegación de Facenda referida a tributación polo Imposto de Bens Inmóveis de natureza rústica e urbana así como do Imposto sobre Actividades Económicas da totalidade dos compoñentes da unidade familiar, con indicación (no IBI) da clase de finca, e do valor catastral da mesma.

J) Título de propiedade, contrato de aluguer ou, no seu defecto, recibos do ultimo ano, da vivenda que ocupan.

As solicitudes, acompañadas da totalidade da documentación, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello.

O prazo de presentación de solicitudes será o comprendido entre os días 1 a 30 de decembro.



CONCELLO DE REDONDELA

Para os segundos e sucesivos anos os abonados os que se refire o presente apartado que se lles graduara a taxa no ano anterior presentarán a solicitude dentro do prazo indicado, acompañada dunha declaración xurada referida ao cumprimento integro de tódolos requisitos dos apartados anteriores indicando expresamente na declaración citada que non variou a súa situación persoal, familiar, económica, de bens e renda, sen prexuízo de poder presentar, se o desexan, a documentación completa indicada.

Os servizos sociais do Concello efectuarán un control, total ou por mostraxe, da situación persoal, familiar, económica, bens e renda das persoas que soliciten a redución da taxa para novos exercicios segundo o indicado no paragrafo anterior.

Tódolos expedientes de exención serán tramitados polos Servizos sociais do Concello e resoltos pola Xunta de Goberno.”

ANEXO

A) Dereitos de conexión:

A.1: Conexión á rede, vivendas unifamiliares, cada unha: 900,00 euros.

A.2: Conexión á rede, vivendas colectivas, cada unha: 360,00 euros.

A.3: Conexión á rede nos supostos de usuarios de redes comunitarias que pasen a ser xestionadas polo Concello:

A.3.1: Antigos usuarios: 72,00 euros.

A.3.2: Novos usuarios: 900,00 euros.

A.4: Conexión á rede de titulares que pagaron contribucións especiais para as obras, ou que contribuíron parcialmente ás obras: 72,00 euros.

A.5: Conexión á rede de finalidades non vivenda:

A.5.1: En edificios de vivendas colectivas: 360,00 euros.

A.5.2: Segunda e posteriores conexións en vivendas unifamiliares: 360,00 euros.

A.5.3: Outros supostos: 900,00 euros.

Proponse a seguinte redacción:

“ANEXO.- Tarifa

A) Dereitos de conexión:

A.1: Conexión á rede, vivendas unifamiliares, cada unha: 900,00 euros.

A.2: Conexión á rede, vivendas colectivas, cada unha: 360,00 euros.

A.3: Conexión á rede nos supostos de usuarios de redes comunitarias que pasen a ser xestionadas polo Concello:



CONCELLO DE REDONDELA

A.3.1: Antigos usuarios: 72,00 euros.

A.3.2: Novos usuarios: 900,00 euros.

A.4: Conexión á rede de titulares que pagaron contribucións especiais para as obras, ou que contribuíron parcialmente ás obras: 72,00 euros.

A.5: Conexión á rede de finalidades non vivenda:

A.5.1: En edificios de vivendas colectivas: 360,00 euros.

A.5.2: Segunda e posteriores conexións en vivendas unifamiliares: 360,00 euros.

A.5.3: Outros supostos: 900,00 euros

B) Consumos de auga:

b. 1.—Uso doméstico

a) de 0 a 15 m³ 0.1774 €/M³

b) de 16 a 30 m³ 0.2470 €/M³

c) de 31 a 45 m³ 0.6713 €/M³

d) de 46 a 9999 m³ 0.6904 €/M³

b. 2.—Uso non doméstico

a) de 0 a 15 m³ 0.2667€/M³

b) de 16 a 30 m³ 0.3228 €/M³

c) de 31 a 45 m³ 0.7645 €/M³

d) de 46 a 9999 m³ 1.0017 €/M³

C) Estará exento o concello para a totalidade de edificios, vivendas, locais, establecementos e instalacións de propiedade municipal, bocas de rego, fontes e lavadoiros públicos.

D) Levarase a cabo a graduación da taxa en función da capacidade económica do suxeito pasivo segundo o artigo 24.4 do Real decreto 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os criterios para levala a cabo serán os seguintes:

— *Terán dereito a seguinte redución:*

M3 CÚBICOS CONSUMIDOS	MEMBROS DA UNIDADE	REDUCCIÓN FAMILIAR DA TAXA
Ata 15m ³ por trimestre	Dous membros	100%
Ata 30 m ³ por trimestre	Tres membros	100%
De 15 m ³ -30m ³ por trimestre	Dous membros	28%
De 30m ³ -45m ³ por trimestre	Tres membros	73,50%



CONCELLO DE REDONDELA

d.1) As persoas contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado segundo informe dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello.

1. O carácter desta exención é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude (período de presentación do 1 de setembro ao 30 de decembro de cada ano).

2. As persoas interesadas que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado polo Concello debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación:

a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello.

b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.

c) Fotocopia compulsada polos Servizos Sociais do Concello do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público análogo.

d) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de recollida do lixo (copia do recibo do imposto sobre bens inmobles,...) no que debe constar correctamente a titularidade catastral do inmovible.

f) No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible lle cede o uso do mesmo ao solicitante da redución (debe recoller a obriga do ocupante de pagar a taxa).

3. Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos a esta redución.

4. No caso de renovacións, cando o réxime protector ao que estea acollido o interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberanse presentar soamente os documentos expresados nas letras a) e c) do punto 2 deste apartado.

d.2) As vivendas incluídas no Programa de Vivendas Baleiras do Concello de Redondela que se atopen efectivamente alugadas, esta exención xurdirá efectos no exercicio seguinte ao do aluguer e se acreditará mediante certificado emitido polo Concello.

d.3) As persoas contribuíntes que non dispoñan de bens inmobles de natureza urbana distintos á vivenda habitual (a que pode comprender unha praza de garaxe e un rocho anexos), sobre os que posúan un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro que xere ou poida xerar ingresos (fíxase un tope de valor da vivenda habitual, igual ou menor a 90.000 € de valor catastral) e sempre que a renda per cápita mensual bruta



CONCELLO DE REDONDELA

da unidade de convivencia estea dentro dos límites establecidos na táboa que se indica:

<i>Número de membros da unidade de convivencia</i>	<i>Contía</i>
1	<i>SMI (persoa solicitante)</i>
2	<i>SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro)</i>
3	<i>SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro) + 12% (terceiro membro)</i>
4	<i>SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro) + 12% (terceiro membro) + 10% (cuarto membro e sucesivos)</i>

As persoas interesadas que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado polo Concello debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación e xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude (período de presentación do 1 de setembro ao 30 de decembro de cada ano):

- a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello.*
- b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.*
- c) Informe da Policía Municipal sobre as persoas que integran a unidade familiar ou autorización para a súa obtención polo Concello.*
- d) Certificación de empadramento ou autorización para a súa obtención polo Concello.*
- e) Certificación de ingresos do/a solicitante e as persoas que convivan con el/a ou autorización para a súa obtención polo Concello.*
- f) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de recollida do lixo (copia do recibo do imposto sobre bens inmobles,...) no que debe constar correctamente a titularidade catastral do inmovible.*
- g) No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ao solicitante da redución (debe recoller a obriga do ocupante de pagar a taxa)."*

Onde dí:

"Disposición final.



CONCELLO DE REDONDELA

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa. “

Proponse a seguinte redacción:

“Disposición final.

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2020, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.”

CUARTO.- Expoñer ao público o expediente administrativo referido á modificación da ordenanzas fiscais citadas durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados, debidamente lexitimados, poderán examinar o expediente administrativo e presentar por escrito as reclamacións que estimen oportunas.

Rematado o período de exposición ao público adoptaranse, polo Concello Pleno, os acordos definitivos que procedan resolvendo as reclamacións no seu caso presentadas e aprobando a redacción definitiva da modificación da ordenanza fiscal. Se non fora presentada ningunha reclamación no prazo citado entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio, sen necesidade de novo acordo plenario.

QUINTO.- Autoriza-los Servizos correspondentes, para unha vez, de ser o caso, aprobada definitivamente esta modificación proposta, se proceda á apertura do correspondente arquivo das ordenanzas para as posteriores refundicións por modificacións parciais da mesma.

SEXTO.- Faculta-lo Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.”

INTERVENCIÓNS:

Sra. Amoedo: se trata de facer unha serie de cambios que consideramos interesantes, cambios relacionados con catastro e que afectan a garaxes e trasteiros, tamén no referente a persoas que perciben o RISGA e poidan estar exentas de taxa, se amplía o



CONCELLO DE REDONDELA

prazo de solicitude de exención. Se ten en conta o número de persoas da unidade de convivencia. Todo está enfocado para as persoas que máis o necesitan.

Sr. Fojo: no pasado pleno dicía que debe ser o Concello o que se moleste en axudar ós máis necesitados, referíame a iniciativas coma esta. Sempre é mellor gastar cartos públicos adicados ós máis débiles mellor que manter a Diócese Tui-Vigo. Non tiñan que esperar tanto, queren sacar rédito electoral. Votaremos a favor.

Sr. González (BNG): dende o BNG consideramos positiva esta redución das taxas. O que se fai é actualizar unhas taxas en función das problemáticas sociais. Nós preferimos facer apoios de carácter social. Hai unha mellora debido a que ó aumentar o salario mínimo interprofesional entra máis xente nesas posibles demandas. Esperemos que no futuro sexa máis sinxela porque cando se fan as solicitudes se complican bastante as cousas.

Sr. Covelo: en AER estamos de acordo con esta proposta. Está ben fundamentada, ben traballada. Leva o seu atraso, AER xa pedira cambios cando se modificou a ordenanza de axudas sociais. Xa daquela se solicitou para trasladalo a este tipo de ordenanzas. Houbo unha comisión en abril de 2017 onde se puideron facer aportacións pero pasou un período de tempo donde estivo no conxelador. A finais de 2018 tentou retomarse pero non se puideron aplicar neste 2018 as exencións. Nos parece moi interesante que se actualice polos anos que levaba sen facerse. Dende AER tamén pedimos que se poidese solicitar durante todo o ano, os funcionarios dixéronnos a dificultade, pero polo menos pasouse de 1 mes a 4 meses. Agora tamén se simplifica máis a documentación a presentar, permitindo que o Concello poida consultar datos, evitando que o usuario peregrine polo Concello. Hai que darlle publicidade, por exemplo un apartado claro na web. Tamén se deixa de pedir outra documentación innecesaria. Falando co persoal de servizos sociais é de agradecer o traballo que fan porque tamén hai veces que axudan a cubrir esas solicitudes, e fan un acompañamento ós usuarios que o precisen para cubrir toda a documentación necesaria.

Sra. Rivas: esta ordenanza se trouxo no pleno de 30 de marzo de 2017 e se retirou dicindo que ó mes seguinte se traería outra vez. Ata agora non se trouxo esta ordenanza ao pleno. O 26 de novembro de 2018 a concelleira de servizos sociais tentou facer unha comisión con toda premura en tres días despois de todo ese tempo sen facer nada. Xa sabemos que traballan con esa improvisación. Esta ordenanza é necesaria. Cando o PP se presentaba para alcaldía, daquelas dicía que o primeiro que faría era regular a ordenanza de lixo e auga. Era electoralista, hai que ser responsables e ter ética. Houbo unha comisión de servizos sociais o 19 de abril de 2017 na que se levaron emendas polos grupos, pero como non se chegaba a un acordo, houbo que facer unhas emendas no último momento. Estamos de acordo con esta ordenanza e coas melloras que se fixeron.

Sra. Amoedo: o que lle molesta a vostede é que se traia esta modificación ó pleno. O seu grupo non está acostumado a traballar e facer comisións. Estaban vendo que existía un traballo importante de AER que xunto comigo impulsaron a modificación desta ordenanza, pero como non lles chegou o que se aportara decidiron que a coordinadora de servizos



CONCELLO DE REDONDELA

sociais emitise un informe. Pero como comprenderá en servizos sociais temos prioridades. Cando temos casos de emerxencia pasa por enriba de calquera procedemento que teñamos na mesa. Tentou levarse en novembro pero a intención do goberno era que se levase antes. Os servizos xurídicos e económicos do Concello tiñan saturación de traballo. É un traballo ben feito. Cando existía unha necesidade clara dunha familia, o alcalde levantaba o reparo xustificado tamén co informe da traballadora social. Traballamos con seriedade e da man dos técnicos do servizo. Entendemos que esta é unha modificación importante. Xa lle digo que hoxe en día moitos documentos xa os pide de oficio o Concello.

Sr. Covelo: no tema do informe de servizos sociais compartimos o criterio do PSOE de que é necesario que avalíe as cuestións sociais. Na ordenanza anterior se valoraba que a unidade de convivencia chegase a un mínimo de renda, agora hai máis flexibilidade. Antes tamén se dicía que non superase o salario mínimo interprofesional, agora mesmo hai unha porcentaxe que vai aumentando e permite acceder a máis xente. Fóra da dilación existente, recoñecemos que se fixo como pensabamos que debía ser, con participación e con tempo.

Sra. Rivas: sra. Amoedo o seu sempre é a mesma dinámica todos os plenos. A dedo é o que fai vostede e o seu partido. É simpático porque vostedes son moito dese clientelismo. Meu partido é o primeiro que recoñece o traballo que fai a área de servizos sociais deste Concello, que é encomiable. É simpático que agora vostede se preocupe porque se faga un informe por servizos sociais da situación desas persoas que poidan ter dereito a exención, e vostede di que se debe á carga de traballo. Porén fanlles perder o tempo a funcionarios buscando facturas para sacar rédito electoral. Claro que fan falta máis traballadoras sociais. Leva máis dun ano aprobado pola Xunta de Galicia outra praza de traballadora social. Ten moita carga de traballo tanto Chapela coma Redondela.

Sra. Amoedo: nós sabemos gobernar en minoría, por iso entendemos que nos podemos sentar nunha comisión, ver artigo por artigo, sobretudo cando falamos de temas de servizos sociais. Vostede non está acostumada a traballar, o demostrou na comisión, que non sabía o que había. Non creo que fose o departamento de servizos sociais o que buscasse esas facturas, non mezcle cousas que nada teñen que ver. Me fala vostede do Plan Concellos que non nos dan un euro máis do que nos corresponde; as dúas traballadoras sociais que virán é porque o solicitamos nós, non porque nolos dera a Deputación.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade concelleiros/as, sendo 19 votos a favor (09 do PP, 05 do PSOE, 03 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).



4. Convenio entre Concello de Redondela e Consorcio Galego para Centro de Día e Atención Residencial en Cesantes.

ANTECEDENTES:

Vista o ditame da Comisión Informativa de Benestar Social de día 25/02/2019, onde se aprobou a proposta, que di:

"Vista a proposta de convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Redondela para a xestión e cofinanciamento do centro de día/centro de atención residencial do Concello de Redondela, cuxo obxecto é establecer a xestión e cofinanciamento para garantir o seu funcionamento.

O Centro de Día/Centro de Atención Residencial dispón dun total de 25 prazas para Centro de Día e 21 prazas para atención residencial. Das 21 prazas destinadas a atención residencial a través deste convenio o Concello de Redondela tería a titularidade de 10.

O Concello de Redondela asume o cofinanciamento do Centro de Atención Residencial que supón un custe de 49,58 euros por praza/día por cada praza ocupada de titularidade municipal. Nos supostos de reserva de praza previstos na normativa de aplicación transferirase unicamente o 40% deste importe por cada unha das prazas de titularidade municipal que se atopen nesta situación.

Á vista do exposto, esta Concelleira

PROPÓN

Punto único.- A aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Redondela para a xestión e cofinanciamento do centro de día/centro de atención residencial do Concello de Redondela."

INTERVENCIONS:

Sra Amoedo: levamos dende o ano 2016 co centro. Levará acompañada esta proposta de convenio un regulamento que se fará a próxima semana. Dentro do noso presuposto está aprobada a partida para poder cofinanciar co Consorcio, tal como se acordou o 11 de maio de 2016 entre Consorcio e FEGAMP.

Sr. Fojo: nos parece ben e pedimos a máxima transparencia neste servizo, se terá xestión pública ou servizos privatizados. Utilizarase o modelo do Álvaro Cunqueiro?



CONCELLO DE REDONDELA

Sr. González (BNG): estabamos ansiosos de que chegase este día. Hai máis de dez anos que dende o BNG estivemos traballando nisto. Pasaron 10 anos dende que se licitou a obra, houbo certos problemas cos terreos, houbo desidia do goberno de Bas que non presionou para que se acabara en tempo e forma. Feijóo tamén tivo desidia, di que en Redondela hai máis inversión e máis prazas de servizos sociais. Das 21 prazas de servizo residencial, 10 lle corresponderían a Redondela. É unha atención que leva unha empresa que gañou a licitación da xestión. 180.000 euros anuais que terá que aportar o Concello. O que ocorre é que este convenio dá problemas, xa o din os técnicos que ten que existir un regulamento de acceso e ordenanza de taxa ou prezo público. Para nós é un proceso previo que estea o regulamento e ordenanza, se o Concello de Redondela aproba o Convenio e non fai uso das prazas que non utiliza, terá que pagar o 40%. Para máis inri, parece ser que esas prazas que lle corresponden ó Concello xa as ten ocupadas a Xunta. Queremos saber que pasará con isto, que nolo aclaren. Hai outros datos de relevancia como o que se paga por día por residente: 49,58 euros. Hai dous anos apoiámos o convenio que trouxo o PP para a apertura do Centro de Día. Estabamos mobilizándonos para que se fixese efectivo, por iso queremos que quede ben claro que pasará con estas prazas. Pedimos que se deixe enriba da mesa este convenio e se analice para volver a traelo.

Sr. Covelo: co Centro de Día, AER votou en contra porque nos parecía un despropósito. Tiña que ser doutra maneira e non utilizar dende a Xunta de Galicia o Consorcio para que os Concellos sufragasen cartos nunha competencia da Xunta. É unha vergoña que se faga un Consorcio donde se poñen enriba da mesa estes convenios obrigando ós Concellos a pagar por prazas que son responsabilidade da Xunta de Galicia. Se non eres residente en Redondela, non tes que pagar, no fondo están recoñecendo que é a Xunta quen debe pagar. Na anterior traballamos e colaboramos, miramos e aportamos. Unha cuestión coma esta non a vamos apoiar. Hai moitas lagunas legais. Se recibiu xa hai tempo e nos enteramos aínda o outro día. Retomando a acta de pleno de 1 de decembro de 2016 onde se falaba das prazas do centro de día de Chapela, Amoedo dixo que sufragaría integramente o centro residencial por ser residencial. Xa non cadra.

Respecto dos gastos hai 62.500 euros do centro de día por ano que debería pagar a Xunta e non o Concello. Das prazas residenciais os 180.000 euros tería que pagalos a Xunta de Galicia. Agora están desocupadas as prazas e temos que pagala.

Vai ser estritamente para empadroados?

Sra. Rivas: este convenio tiña que vir da man das ordenanzas, cae de lóxica. Non pode traelo sen as ordenanzas. O normal sería que este convenio quedase enriba da mesa. Non se pode traer isto sen saber como serán as ordenanzas. Sei que se están fixando nas ordenanzas de Arteixo, pois ese concello levou todo conxuntamente. Nesas ordenanzas que non temos, algo moi importante son as condicións de acceso das persoas de grao II e III, como as que non teñan dependencia. Non sabemos para que grao será, ou se para persoas independentes. Desas 10 prazas municipais a día de hoxe non sabemos cantas está ocupando o Consorcio, as 11 do Consorcio xa están ocupadas.



CONCELLO DE REDONDELA

Entre todas as prazas saen 243.000 euros anuais. A Xunta de Galicia ten as súas competencias. En Pontevedra saben moi ben que están colapsados, se non hai prioridade para a xente empadroada en Redondela pode vir calquera de España e poderá ocupar esas prazas. Queremos saber de que xeito se regulará na ordenanza para que os veciños de Redondela teñan preferencia.

Sra. Amoedo: é curioso escoitar á esquerda de Redondela cando sabemos que en España temos un sistema de solidariedade, e ademais cando gobernaban vostedes non había nada, donde ían os de Redondela? Non sei como conciben vostedes os servizos sociais e a área de benestar social. No orzamento de 2018 xa contemplamos unha partida de 200.000 euros para isto. Sr. González non moveron un pé cando estaban vostedes. Estamos falando dun convenio que está marcado por acordo entre Consorcio e FEGAMP estando esta presidida polo partido socialista. Nos esquecemos de quen goberna na FEGAMP. A nós non nos importa investir nestes temas. Se nós mantemos unha postura como no tema do VITRASA que non debía ser para empadroados, aquí tampouco o será. O que dirá o regulamento é que sexan usuarios dos servizos sociais de Redondela. Non se pode discriminar ás persoas por razón de empadroamento. Xa lle dixen que a semana que vén virá a pleno o regulamento. Se a vostedes non lles gusta voten en contra. Este é un convenio marco que utilizan todos os concellos. Lles molesta que consigamos servizos para os nosos cidadáns.

Sr. Fojo: non nos importa moito de quen é a culpa. Este convenio non nos dá demasiada confianza. Teríamos que discriminar un pouquiño a favor da xente de Redondela. Que repercuta nela.

Sr. González (BNG): quen non quere que o convenio vaia adiante é o PP. Non aclara que pasa coas prazas que está ocupando a Xunta de Galicia. A concelleira do PP debería ter as cousas máis claras. Non é certo o tema das comisións que dixo AER de que non traballemos, algunhas veces por cuestións laborais non podemos. Nós estamos moi orgullosos de que grazas a xestionar na Xunta de Galicia e presionar, o Centro de Día saíu adiante. AER en ningún momento se mobilizou. Tampouco o fixestes no cambio de servizos sociais. Se o PP trae algo que é positivo para Redondela o apoiaremos. Pero primeiro fagan o regulamento e despois traian o Convenio.

Sr. Covelo: nós tratamos de condicionar as propostas do PP para que saian adiante cuestións prácticas para a cidadanía. No Centro de Día o BNG apoiou a proposta do PP sen cambiar unha coma.

Do que vén agora xa din os servizos xurídicos que debe existir regulamento e ordenanza. O Concello sufragará prazas que non están ocupadas. A Xunta está quitándolle 180.000 euros ó Concello de Redondela, estes cartos pódense meter en áreas de servizos sociais. Nunca dixemos que non se destinasen a servizos sociais.

Todos queremos que estean cerca os usuarios do centro. Existen 5 prazas que están sendo ocupadas e haber que pasa con iso.



CONCELLO DE REDONDELA

Sra. Rivas: non aclarou nada vostede sra. Amoedo, é unha pena que traia este convenio e non veña para poder aclaralo. Polo que di entendo que para a semana fará un pleno extraordinario para regulamento e ordenanza, porqué non trae todo xunto? Non perdamos o tempo. Respecto do empadroamento, vostedes no programa de conciliación tiñan posto o de empadroamento, agora co tema Vigo quítano pero poñen prioridade. Prioridade é o que queremos aquí. Non saben nin o que queren. É demagórico o que din, o Centro de Día de Trasmañó non se abriu pola súa culpa.

Sra. Amoedo: non é incompatible aprobar este convenio e que a semana que vén se aprrobe o regulamento. Vostedes coma sempre tratan de enmarañar. Os informes non son negativos, advirten do que supoñen os gastos. Non queremos que as prazas de residencia nosas as use a Xunta. Defenda vostede a Redondela. Estas prazas que están reservadas para Redondela, por ter a reserva teñen un custe do 40%. Poñemos en marcha o regulamento para a semana que vén. O problema é que a vostede non lle vai ben.

VOTACIÓN, RELATIVA A RETIRADA DA ORDE DO DÍA, E ACORDO :

Sometida a votación a retirada do punto, da orde do día, proposta polo PSOE e BNG, NON se aproba por maioría dos concelleiros/as presentes, sendo 07 votos a favor (05 do PSOE, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito), 09 votos en contra do PP e 03 abstencións de AER.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, Non se aproba por maioría dos concelleiros/as presentes, sendo 09 votos a favor do PP e 10 votos en contra (05 do PSOE, 03 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

5. Aprobación Inicial da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento, no ámbito de Leitón-Cidadelle, na parroquia de Chapela.

ANTECEDENTES:

Vista o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio de día 25/02/2019, que di:



CONCELLO DE REDONDELA

“Asunto: Aprobación Inicial da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento, no Ámbito de Leitón-Cidadealle, na Parroquia de Chapela.

Pola presidencia, a concelleira de Urbanismo, Benestar Social e Montes, dase conta da súa proposta de data 20 de febreiro de 2019 do seguinte tenor:

<<Considerando que por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, adoptado en sesión celebrada o 05/10/2017, aprobouse o proxecto público educativo para o novo CEIP en Cidadelle – Chapela, como proxecto público de urxencia ou excepcional interese, polo que se ordena ao Concello de Redondela ao inicio do procedemento de alteración da ordenación urbanística correspondente, conforme á tramitación establecida na Lei do Solo.

Vista a Resolución de data 29 de xuño de 2018 da dirección xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratéxico da Modificación Puntual das normas subsidiarias de planeamento no ámbito de Leitón-Cidadelle, Concello de Redondela. (Expediente 2018AAE2188), coa proposta de: non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a modificación puntual, ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente, establecendo unha serie de determinacións.

Visto o documento de Modificación Puntual das Normas Subsidiarias para aprobación inicial. Xaneiro 2019, que inclúe un rexumo executivo, asinado en febreiro de 2019 pola arquitecta María Ríos Carballeira e o procedemento tramitado ao efecto.

Considerando que o ámbito da modificación puntual abrangue o solo urbanizable residencial da ficha 1-3 das Normas Subsidiarias, o cal reclasifícase como solo urbano consolidado, con reserva de terreos destinados a: sistema xeral de espazos libres e zonas verdes, sistema xeral de equipamento público, que é o que corresponde ao CEIP aprobado por Acordo da Xunta de Galicia; sistema xeral de reserva de equipamento público, recoñécese a condición de solo de núcleo rural da parcela edificada, situada na zona sur do ámbito delimitado e contigua ao núcleo rural existente de Chapela. Faise unha reserva de zona como sistema viario incluíndo unha parte do camiño da Buraca coa finalidade da ampliación do seu trazado.

Considerando que os obxectivos establecidos para a adaptación do planeamento responden á estrutura xeral e orgánica do documento en tramitación do plan xeral de ordenación municipal de Redondela, coa finalidade de incorporar os terreos de maior calidade ambiental á rede de conectores ecolóxicos e ao sistema de zonas verdes. Crear unha reserva de zonas verdes e espazos libres na zona norte de Chapela. Integrar a reserva de equipamentos públicos. Recoñecer a condición de solo de núcleo rural das edificacións existentes na zona sur en continuidade co núcleo rural de Chapela. Incorporar elementos protexidos da contorna (casa-muíño e muíño e camiño portugués pola costa) e adaptar o planeamento á futura ampliación do trazado da subida a Maceira (camiño da Buraca).



CONCELLO DE REDONDELA

Vistos os informes favorables coas advertencias que neles se inclúen; de data 09/11/2018 da Demarcación de carreteras del estado en Galicia e, de data 10 de xaneiro de 2019 de dirección xeral de Aviación Civil, emitidos previamente á aprobación inicial de acordo co disposto no artigo 16.6 da Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas e na Disposición adicional segunda do RD 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto no artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e artigo 29 do Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas.

Vistos os informes do arquitecto municipal de data 7 de febreiro de 2109 e da mesma data da técnica de administración xeral adscrita a urbanismo (informe núm. 2019-0016), sobre a conformidade da modificación puntual coa lexislación vixente, segundo o disposto nos artigos 60.6 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e 144.6 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Vistos os informes emitidos, de acordo co disposto no artigo 173.1.b) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional: polo secretario xeral do concello con data 20/02/2019 (informe núm. 2019-0025), polo que emite nota de conformidade co informe núm. 2019-0016 da técnica de administración xeral de urbanismo e; polo interventor xeral de data 20/02/2019 (informe Ref. ASR-20.02.19.2).

Realizada a tramitación legalmente establecida e, en cumprimento do disposto no artigo 22.2. c) da LBRL, teño a ben propoñer ao pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa de Urbanismo. Infraestruturas e Patrimonio, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o documento, que inclúe resumo executivo, da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias, no ámbito Leitón-Cidadelle, na parroquia de Chapela. Xaneiro 2019, asinado en febreiro de 2019 e redactado pola arquitecta María Ríos Carballeira.

Segundo.- Someter a información pública o expediente, incluído o resumo executivo, polo prazo de dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do concello, no *Diario Oficial de Galicia* e no xornal Faro de Vigo. O prazo de información pública computarase desde a última publicación. Durante o devandito período quedará o expediente, con todo a documentación, escrita e gráfica, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións, suxestións ou documentos que consideren oportunos, así como obter as copias necesarias, sen prexuízo das taxas que se deban satisfacer. Así mesmo, estará a disposición na web do Concello de Redondela. www.redondela.gal. (Área de Urbanismo)



CONCELLO DE REDONDELA

Terceiro.- Acordar, conforme ao disposto no artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento de licenzas no ámbito obxecto da modificación puntual cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente, a cal terá unha duración máxima de dous anos, contados desde a aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva.

Cuarto.- Remitir o expediente á persoa titular da Consellería competente en materia de Urbanismo para que dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos.

Quinto.- Solicitar os informes sectoriais que resulten preceptivos ás restantes administracións públicas, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación>>.”

INTERVENCIÓNS:

Sra. Amoedo: dá lectura da proposta. Se trae para poder incluír dentro da Finca da Ginaria, calificación correspondente de zona verde e espazos dotacionais. A pretensión e poñer a disposición da Xunta de Galicia os terreos coa cualificación adecuada. Se someterá a exposición pública para que poidan existir aportacións dos cidadáns. Queremos que nese colexio que xa está aí se poida incluír unha escola infantil que xa ten partida orzamentaria na Xunta de Galicia.

Sr. Fojo: nos alegamos de que chegue isto xa. Vén moi lento, se dixo que a Xunta asumiría o custe total pero realmente ten un custo para o Concello. Esperemos que teñan en conta o fibrocemento que transcorre, ou a contaminación electromagnética ou cableado eléctrico, se debería alonxar dun lugar donde estarán rapaces.

Sr. González (BNG): aínda que sexa en período electoral imponse a cordura. No 2012 o goberno municipal sendo suaves metería a escola infantil nos baixos do colexio público. Foi a presión cidadá a que o conseguiu. Foron dando tumbos. Apostabamos que fose nun lugar céntrico. Agora se trae esta modificación da cualificación urbanística para que se constrúa. Os primeiros beneficiados son os cativos e cativas e familias de arredores. Aínda que haxa uns custos de mantemento, son parte do benestar social que efectivamente teñen que estar centralizados pola Xunta de Galicia, pero se os veciños saen beneficiados preferimos iso. Nos parece positiva esta modificación, un traballo moi importante por parte dos técnicos.

Sr. Cano: vemos moi positiva esta modificación que se propón. Solo residencial urbanizable que pasa a zona verde. Esta modificación nace dunha Orde do Consello da Xunta. Nos gustan os criterios que se estableceron para esta modificación. Vendo o expediente se recoñece que Chapela ten importantes equipamentos. O barrio de



CONCELLO DE REDONDELA

Cidabelle tivo un incremento do 30% de vivendas, a pendente limitará o movemento. Se di que en Chapela non hai necesidade de solo urbanizable. En patrimonio se detectaron dous muiños. Este expediente serviu para recordar que Redondela ten normas subsidiarias do ano 1988. Para que poida existir participación veciñal debería ser accesible na páxina web.

Tamén ha ique aproveitar o colexio que se vai facer para mellorar o transporte público e mellorar a mobilidade peonil e ciclista, aínda que exista pendente.

Asumiremos gastos en expropiación e na zona verde, máis o que se gastou do remanente para esa zona. Deberían ser AUDASA e FOMENTO os que asumisen a maioría. En canto á gardería, queríamos preguntar se hai partida na Xunta ou compromiso escrito.

Sr. Cabaleiro: temos que congratularnos porque saia un proxecto que xa estaba sendo estudado co PSOE. Nos congratulamos que chegue aínda que sexa tarde. Cremos que é unha cuestión de excepcional interese que se leven a cabo estas obras. Non observamos criterios sospeitosos de ningún tipo. É un servizo moi demandado na parroquia de Chapela. Cos trazados de mobilidade nesa zona debemos ser cautos, é unha zona con orografía moi agresiva, con pendentes e máis cuestións. Esperamos que sexa ben estudado.

No Faro de Vigo, 16 de outubro de 2012 dicían que a parroquia de Chapela terá unha gardería pública e escola infantil. Que pasou con eses 600.000 euros que xa estaban nunha partida? Porqué nese momento se deixou escapar a partida? Igual que pasa co Porto de Cesantes esperamos que non pase o mesmo coa gardería. Cando reclaman unha gardería os veciños é porque é necesaria.

Sra. Amoedo: vostedes que pediron un préstamo de 3 millóns de euros para tratar de comprar esa finca, que lles pasou? Non foron quen de facer que fose unha realidade esa gardería. Que pasou cos proxectos que quedaron no caixón e tiraron con máis de medio millón de euros? Se preocupa vostede agora por un trazado viario, cantas zonas deixaron vostedes a mal facer? Planificación urbanística cero. Quen deixou pechar o colexio de Trasmañó?

Xa está adxudicada a obra para rehabilitación dese colexio para uso dos veciños. Ó PXOM a Xunta xa lle deu o visto bo e agora está acabando de facelo o equipo redactor. Non sei onde están as zonas verdes que tiñan que deixar os edificios para zonas verdes, onde están sr. Cabaleiro? Vostedes non fixeron nada. A ampliación da autopista foi grazas



CONCELLO DE REDONDELA

ao garabato do sr. Pepiño Blanco.

Sr. González (BNG): que a voceira do PP veña a falar dos PXOM cando participou nunha moción de censura por un tema deste. Se vostedes estaban seguros dos 600.000 euros para facer unha escola infantil en Alexandre Bóveda, porqué non o fixeron? Preferimos falar de escola infantil, o concepto de gardería hai que ilo descartando. No 2011 Javier Bas inaugurou proxectos, fases, van picando a todos os lados e así teñen para todos os anos para a campaña electoral. Apoiaremos.

Sr. Cano: tamén nos preocupa que no expediente se diga que se poden soportar ruídos arredor de 60 decibelios. Nos parece lamentable que Pepe Blanco non incluíse dentro do proxecto inicial a expropiación total de todo o colexio. Deberían ser AUDASA E FOMENTO que nos fixeron asumir as obras as que deberían pagalo. O cole terá patio cuberto? Con respecto ás farolas, vézmo-lo positivo que se poñan con LED e aforro enerxético e así eses cartos se poderán destinar a outras cousas.

Sr. Cabaleiro: sra. Amoedo vostede non ten argumentos. Dígame que xestión fixeron vostedes en servizos dotacionais, que edificios fixeron? O colexio de Trasmañó pechouno o PSOE de Redondela? non, pechouno a Xunta do PP. Vostedes abandonárono. Outra das medallas que se lle pode cargar pola gran xestión que fixeron. Non solucionaron nada no edificio da zona próxima da que estamos falando agora.

Sra. Amoedo: a rehabilitación do viaduto, o de Trasmañó de vergonza. O abandono que pola súa culpa tivo o edificio. Cos cartos sr. González que non deixan vostedes que sexan para o Centro de Día non deixan que os cartos vaian para servizos sociais. Seguen encadeados a Vigo e Carmela Silva.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade concelleiros/as, sendo 19 votos a favor (09 do PP, 05 do PSOE, 03 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

6. Dar Conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía. Non se producen intervencións.



CONCELLO DE REDONDELA

7. Mocións.

O sr. alcalde expón que se presentou polo Grupo Municipal do Partido Popular unha moción relativa á dimisión de Carmela Silva. A sra. Rivas (PSOE) presentou por rexistro un escrito de recurso pedindo que non se trate a moción por afectar a materias que non teñen que ver coa xestión pública municipal e porque afecta ó dereito á honra. O secretario municipal viu a moción e doulle a palabra para que informe ó pleno.

O secretario municipal indica que efectivamente a moción afecta a cuestións que non son de competencia municipal e por aplicación do artigo 18 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e artigo 46.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, non pode tratarse. Elo débese a que as mocións teñen que afectar a competencias municipais e ao mesmo tempo non ser rogos.

Explica que as mocións poden ser resolutivas e non resolutivas. As resolutivas afectan a competencias do pleno e as non resolutivas van na parte de control das sesións ordinarias e deben referirse a asuntos de competencia municipal, sen que poidan ser tampouco rogos. Di que en base a isto e unha vez analizado o contido das mocións que constan no expediente do pleno, lle propón a alcaldía que non sexa tratada ningunha das mocións, precisamente por non ser mocións non resolutivas.

INTERVENCIONS:

Sr. González (BNG): non entendemos porqué non se poden tratar as mocións relativas ao Plan Concellos e Observatorio de Discapacidade. Afectan a competencias municipais.

Sr. Cano: aplaudimos o criterio do secretario ata agora. Sempre pedimos que se tratan antes as que afectan a competencias municipais.

Sra. Rivas: estou de acordo co que está dicindo o secretario pero cunha salvidade, nesta moción tamén se fala da honra da persoa aludida. Esta en concreto di determinadas cousas que poden acabar en vía xudicial por non respectar o dereito á honra.

Sra. Amoedo: había un acordo tácito do que entendiamos e de como se debían debater. O PSOE presenta un escrito que lle obriga ó secretario a tomar un criterio, acompañado dun informe do secretario da Deputación. Que me di das dúbidas que sembraron vostedes respecto da honra do sr. alcalde? Nós entendemos que esta moción igual que o resto se teñen que debater.

Alcalde: suspendo este punto hoxe. Convoco aos voceiros para martes ás 8:15 para



CONCELLO DE REDONDELA

tentar arranxar o tema.

Vou levantar a sesión. Hai un problema xurídico que dalgún xeito pode implicar a institución. Tentemos chegar a un acordo.

E sendo as vinte e dúas horas e catro minutos do día indicado no encabezamento, o sr. Alcalde dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretario, dou fe.